

## **Circular informativa para o curso 2023/2024**

Prezadas compañeiras, Prezados compañeiros:

Logo de varios anos nos que a profesora Ana Iglesias dirixiu o grupo de traballo de Lingua Galega e Literatura II, serei eu quen continúe co traballo. Espero poder responder ás vosas mensaxes construtivas do mesmo xeito que o fixo Ana para entre todas/os podermos levar a ramo esta tarefa. Agradézolle tamén a Ana Iglesias o seu excelente labor nestes anos de mudanza e toda a axuda que me prestou dende que fun nomeado.

Na ABAU de 2024, os currículos estarán determinados, salvante instrución noutro sentido, pola Lei de educación 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 423/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022). Este cambio normativo implicará para o futuro cambios nos xeitos de avaliar o alumnado.

Neste intre no que o Ministerio aínda non resolveu moitas cuestións, provisionalmente continuaremos co mesmo modelo de exame destes anos anteriores, polo que non hai ningunha novidade neste sentido.

Quedo ó voso dispor para calquera aclaración que precisedes.

Vigo, 15 de setembro de 2023

Xosé María Gómez Clemente  
Departamento de Filoloxía Galega e Latina  
Universidade de Vigo  
[xgomez@uvigo.gal](mailto:xgomez@uvigo.gal)